

TEMA 11. A PROSA DE FINS DO XX E COMEZOS DO XXI. TEMAS E AUTORES DOS 80 E 90. PROSISTAS E TENDENCIAS ACTUAIS MÁIS RELEVANTES.

O ano 1975 é decisivo na historia de España, de Galicia e, como non, na literatura galega. Este é o ano da morte do xeneral Franco, o que supón a **fin da ditadura** e a fin doutro longo silencio nas nosas letras e da nosa lingua. Este feito ten fondas consecuencias políticas e socioeconómicas ao que hai que engadir a forte repercusión que tivo no eido sociocultural. En poucos anos Galicia constituírase en comunidade autónoma, cun parlamento, unha lingua propia que se estuda nas escolas e unha lei que a quere protexer e normalizar. Comeza así a recuperación dunha lingua e cultura propias iniciada con penalidades e laboriosidade xa na década dos cincuenta.

Neste novo contexto a literatura, en todos os xéneros, e tamén no da novela reflectirá esa recuperación.

Porén na actividade literaria aínda veremos a continuidade de autores de épocas anteriores. Autores como Ramón Otero Pedrayo aínda se manteñen en activo xunto con outros narradores, dos máis representativos da recuperación cultural: Eduardo Blanco Amor, *Xente ao lonxe* (1976); Álvaro Cunqueiro *Os outros feirantes* (1979); Celso Emilio Ferreiro *A taberna do galo* (1978).

Coa chegada da democracia danse unha serie de factores que **provocan un espectacular desenvolvemento da narrativa galega**, facéndoa medrar en calidade, cantidade e prestixio. A introdución da literatura no ensino aumentou o número de lectores e consolídase a literatura infantil e xuvenil. Proliferan os premios e concursos (Blanco Amor, Xerais, Merlín...) o que motiva a escrita literaria. Os galardóns acadados polos nosos narradores a nivel estatal (premios Nacionais e da Crítica) prestixiaron a narrativa galega e facilitaron a súa internacionalización e tradución a outras linguas.

Así, nos últimos trinta anos, nunha Galicia máis moderna e urbana e con escritores universais en lingua galega, xorde unha narrativa de máis calidade e variada ca nunca, na que podemos salientar as seguintes **características xerais**:

- Amplíanse os subxéneros e os temas na procura de novos lectores: novela negra, de ciencia-ficción, de aventuras, de piratas, histórica, fantástica, erótica, de terror, ciencia-ficción...
- Prodúcese un espectacular desenvolvemento da narrativa infantil e xuvenil, favorecido pola introdución do galego no ensino.
- Consolídase a narrativa das mulleres, que se incorporan plenamente ao panorama literario.

Polo que respecta ás técnicas empregadas, a nosa narrativa comezara a explorar novos camiños – influencias de Kafka, Joyce, etc – provenientes doutras literaturas. Estes novos modelos seguen a desenvolverse dende os anos oitenta e poden resumirse deste xeito:

- Pode chegar a desaparecer o argumento da obra.
- Os personaxes deixan de ser heroes centrais arredor dos que xira o relato.
- Prodúcese rupturas na presentación cronolóxica das obras.

- O narrador deixa de ser omnisciente.
- Emprégase o multiperspectivismo.

A novela tamén sofre mudanzas do punto de vista estilístico e formal:

- Difumínanse os límites con outros textos (anuncios, textos xornalísticos, etc.)
- Suprímense os capítulos.
- Preséntanse varias historias combinadas (contrapunto)

Dende a década dos oitenta a nosa narrativa vai seguir dous camiños básicos, que ás veces se cruzan: por unha banda, a determinada literatura de “quiosco” na que exploran novas modalidades narrativas; e por outra, unha literatura “máis autóctona” que entronca coa tradición galega.

Literatura de quiosco

- Xénero policial
- Ficción científica
- Novela do oeste
- Relato erótico

Literatura "autóctona"

- Literatura realista
- Novela histórica
- Novela feminina ou feminista
- Narrativa intimista
- Narrativa artúrica
- Narrativa de misterio ou terror
- Narrativa humorística
- Narrativa sobre a Guerra Civil
- Cunqueirismo
- Narrativa experimentalista

Neste período da nosa historia cultural conviven tres realidades:

- O final da vida dos vellos mestres nados nas primeiras décadas do século (Blanco Amor, Cunqueiro)
- Publican as súas obras de madurez os participantes na recuperación cultural dos 50 e dos 60 (Ferrín, Casares, Neira Vilas, ...)
- Incorporáanse á literatura galega moitos novos narradores.

Aínda que é moi difícil facer unha selección dos autores/as deste bloque nin unha clasificación destes, citaremos algúns utilizando o criterio subxectivo de gustos persoais xa que non temos suficiente distanciamento nalgúns casos ou falta perspectiva histórica. Aínda así procuraremos non recargar de nomes e títulos.

PRINCIPAIS XERACIÓNS E TENDENCIAS.

1. **Consolídanse coas súas obras de madurez os autores da Nova Narrativa Galega:**

X.L. Méndez Ferrín, Carlos Casares, M^a Xosé Queizán...

X. L. MÉNDEZ FERRÍN (Ourense 1938)

Político e escritor galego amplamente recoñecido como un dos referentes da literatura galega contemporánea. Foi membro da Real Academia Galega e presidente desta.

Toda a narrativa de Ferrín réxese, en xeral, por uns mesmos principios que lle confiren certa unidade: no transcorrer da mesma vanse repetindo temas, personaxes, espazos e técnicas narrativas. Asemade toda ela liga coa tradición literaria galega e coa literatura universal do século XX. As principais características son:

- Preocupación crítica e revolucionaria polos problemas de Galiza.
- Intertextualidade: repítense personaxes e espazos, e incorpóranse tamén outros pertencentes a outras obras literarias de todos os tempos.
- Flutuación entre o real e o ficticio.
- Recorrenza ó mundo onírico, ás veces difícil de distinguir do real.
- Presenza do misterioso, do inexplicable, e predominio da violencia e a morte.
- Creación de espazos literarios (*Tagen Ata*, *Terra Ancha...*), e abundancia de espazos pechados.
- Nas tres primeiras obras as personaxes son antiheroes, mentres que a partir de *Retorno a Tagen Ata* aparecen con frecuencia o heroe revolucionario e os seus antagonistas: o traidor e o inimigo.
- Ás veces as personaxes sofren metamorfoses e transfórmanse.
- Desenlaces sorprendentes e paradoxais.

As súas contribucións son *Percival e outras historias* (1958), *O crepúsculo e as formigas* (1961): espello do ambiente abafante da época. *Arrabaldo do norte* (1964): obxectalismo e lirismo. *Retorno a Tagen Ata* (1971): alegoría política das nacións sometidas, as tres pertencen á liña da Nova Narrativa.

Elipsis e outras sombras (1974): relatos sobre un aterrador fondo de violencia institucional. *Antón e os inocentes* (1976): novela paralelística protagonizada por dous mozos nacionalistas. *Crónica de Nós* (1980): crónica xeracional dun friso lírico da Galicia do século XX. *Amor de Artur* (1982): materia da Bretaña. *Arnoia Arnoia* (1985): viaxe circular iniciática, pensada como narrativa xuvenil. *Bretaña Esmeraldina* (1987): novela densa e barroca protagonizada por un independentista bretón. *Arraianos* (1991): historia da raia ourensá-portuguesa, metáfora do mundo) e *No ventre do silencio* (1999): recupera a historia dunha xeración de universitarios composteláns, no remate dos anos 50.

En 2020 recuperouse a súa novela *Os corvos, a figueira e a fouce de ouro*. Por esta obra o autor foi encarcerado en 1969, acusado dun delito de propaganda ilegal.

CARLOS CASARES (Ourense 1941 – Vigo 2002)

Escritor, crítico literario e político. Estudou filosofía e letras en Santiago de Compostela, cidade na que entrou en contacto con representantes do galeguismo, como Ramón Piñeiro. Foi director da editorial Galaxia e da revista Grial. Cultivou sobre todo a narrativa. Nos anos sesenta publicou o libro de relatos *Vento ferido* e *Cambio en tres*. En 1975 aparece *Xoguetes pra un tempo*

prohibido. Viñeron logo o libro de relatos *Os escuros soños de Clío* e as novelas *Ilustrísima, Os mortos daquel verán, Deus sentado nun sillón azul e O sol do verán*.

É de destacar, tamén, o traballo como columnista, principalmente en La Voz de Galicia entre 1992 e 1998, recollido en sete volumes publicados por Galaxia de 2005 a 2008, titulados *Á marxe*. O ano 2017 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.

M^a XOSÉ QUEIZÁN (Vigo 1939)

Escritora, catedrática de lingua e literatura galega, e figura relevante no movemento feminista na Península Ibérica.

A orella no buraco (1965) é unha novela innovadora, que trasladou á narrativa galega os postulados modernos do Nouveau Roman francés. É unha novela obxectalista.

Outros títulos a destacar poden ser:

Amor de tango (1992) onde reconstrúe o Vigo da república e da represión franquista, das mulleres que durante os esperanzados anos 20 e 30 foron rapazas activas, ilusionadas e decididas.

Ten o seu punto a fresca rosa (2000) onde se retrata o Vigo dos anos setenta e oitenta, no que se entrecruzan as historias de tres mulleres.

¡Sentinela, alerta! (2002) O espazo da prisión nos tempos da ditadura unifica unha atmosfera desacougante onde a violencia, a crueldade, a corrupción, a desolación, devoran a dignidade dos seres humanos. Novela de narrativa carceraria.

Destaca tamén **Xosé Fernández Ferreiro**, autor de obras de contido social ou sobre a Guerra Civil. Foi, ademais, pioneiro no cultivo dunha literatura de masas ou de consumo (xéneros populares para un público amplo) coa novela de vaqueiros *A morte de Frank González*, ou a novela urbana sobre un mito de masas *Corrupción e morte de Brigitte Bardot*.

2. A PROMOCIÓN DOS 80

A verdadeira eclosión narrativa producírase **xa avanzados os 80** cando os escritores nados nos 50 publican as súas primeiras obras. A presenza do galego no ensino favorecerá o auxe da novela, coa súa diversidade de temáticas, e a aparición con grande solidez da narrativa orientada ao público infantil e xuvenil.

A maior parte das novelas deste período xiran arredor dos certames literarios e atopamos un grupo de narradores e narradoras que se agrupan baixo a denominación “A promoción dos premios”. Insírense nela, por exemplo, **Víctor Freixanes**, gañador do Premio Blanco Amor con *O triángulo escrito na circunferencia*; **Úrsula Heinze**, que o gaña con *Culpable de asasinato*, e **Xavier Alcalá**, gañador do Premio da Crítica Española pola obra *Fábula*.

É, ademais, neste momento cando se inicia o tratamento dalgúns subxéneros narrativos como a **novela negra**, a **novela feminista** ou a **narrativa experimental e urbana**.

CARLOS G. REIGOSA marca o inicio da novela negra galega con *Crime en Compostela* (1984), *O misterio do barco perdido*, *A guerra do tabaco* e *Narcos* (as dúas últimas sobre o narcotráfico).

María Xosé Queizán é unha das principais expoñentes da narrativa feminina en *Amor de tango*.

Aparece un **novo realismo**, centrado na problemática da identidade galega, mestura do rural e o urbano, onde destacan dous dos narradores máis recoñecidos e internacionais:

SUSO DE TORO (1956).

É xunto con Manuel Rivas o máis importante dos narradores deste período. Ten unha obra extensa e moi variada. As súas primeiras obras son libros fragmentarios, transgresores, con personaxes marxinais, múltiples voces narrativas.

Polaroid e *Caixón desastre*, publicadas nos anos 80, son novelas experimentais, que abordan criticamente a cultura de masas e o mundo urbano, cun estilo rupturista e novidoso e un rexistro coloquial.

Destacamos algunha novela como *Trece Badaladas* (con adaptación cinematográfica) ou a máis recente *Un señor elegante*, na que trata a historia da familia Baltar.

MANUEL RIVAS (1957)

É o escritor actual con maior proxección editorial e mediática, dentro e fóra das nosas fronteiras.

Nos seus primeiros libros de relatos: *Un millón de vacas* ou *Os comedores de patacas*, trata as tensións entre a Galicia urbana e a rural, entre modernidade e tradición. Destaca *Que me queres amor?* co seu humor e lirismo. (destacar que os seus relatos deron lugar unha película que comparte título cun deles "*A lingua das bolboretas*")

O lapis do carpinteiro destaca entre as súas novelas (tamén foi levada ao cine) onde narra unha historia de amor ambientada na guerra civil e inmediata posguerra.

Outros títulos destacables poden ser: *Os libros arden mal*, *Todo é silencio* ou *Vivir sen permiso e outras historias de Oeste*.

3. A PROMOCIÓN DOS 90 (os máis, nados nos anos 60) Na década dos 90 continúaase co desenvolvemento das liñas temáticas iniciados nas 80, pero tratadas agora dende un prisma renovador, e explóranse novos temas debido ao afán de diversificación xenérica.

Cabe destacar a irrupción da chamada **literatura bravú** (irreverente cos canons convencionais e asociada a unha nova e orgullosa identidade rural, representada por **S. Jaureguizar** ou **Fran Alonso**).

A aparición da **literatura futurista**, e da **novela de terror**.

Cobra enorme importancia a **narrativa feminina**, que se apoia nunha importante nómina de autoras novas (Teresa Moure, Rosa Aneiros, María Reimóndez...) e a auxe da novela de **temática histórica** (que se mantén na actualidade).

Teresa Moure. Comeza a publicar no novo milenio. autora, entre outras, de *Herba moura*, unha novela ambientada no século XVII e protagonizada polo filósofo Descartes, a raíña de Suecia e una meiga Ámsterdam. Obra de fonda intencionalidade moral (rebelde, feminista, ecoloxista...)

Fran Alonso: Deuse a coñecer ó gañar o Premio Blanco Amor con *Tráiler*, unha novela que xira en torno á vida e mitos dos transportistas. En 1994 publicou *Cemiterio de elefantes*, unha colección de relatos centrados no mundo da noite, e en *Silencio*, unha novela curta na que explora a esquizofrenia do mundo urbano. O libro de relatos *Males de cabeza* fala sobre os problemas individuais que teñen que ver coa neurose socializada e coa ansiedade que afectan a todo o conxunto social.

Domingo Villar, cunha literatura máis de masas sobre o subxénero policíaco, como as novelas *A Praia dos afogados* e *Ollos de auga*. Máis recente é *O último barco*. Os tres títulos comparten protagonista nun inspector de policía Leo Caldas.

4. OS AUTORES E AUTORAS MÁIS NOVOS.

Nos primeiros anos do século XXI constátase a aparición dunha nova fornada de narradores/as. **Sechu Sende** introduce o tema do conflito lingüístico en *Made in Galiza*.

Diego Ameixeiras. Traballou como guionista para varias series emitidas pola TVG e como colaborador nos xornais *Diario de Pontevedra* e *El Mundo*.

Publicou dúas novelas de serie negra ambientadas en Ourense: *Baixo mínimos* e *O cidadán do mes* protagonizadas polo detective Horacio Dopico.

Outros títulos a destacar son: *Tres segundos de memoria*, *Dime algo sucio*, *Asasinato no Consello Nacional*, *Matarte lentamente* ou *O cervo e a sombra*.

Especial importancia ten nos últimos anos a potente eclosión da chamada "**literatura de muller**", que ten como trazos comúns un marcado protagonismo feminino, a denuncia dos roles patriarcais e as relacións entre mulleres:

Rosa Aneiros: Con *Resistencia* recibiu o premio Arcebispo Xoán de San Clemente á mellor novela en lingua galega do ano 2002.

En 2009 gañou o premio Xerais á mellor novela con *Sol de inverno* así como o premio Fundación *Ás de bolboreta* destaca na literatura xuvenil así como *Ámote Leo A*.

Consólidase tamén neste período unha **literatura infantil** e **xuvenil** de grande altura e resonancia interna e internacional, profusamente traducida e premiada alén as nosas fronteiras. Destacan **Xavier Docampo**, **Agustín Fernández Paz** (*O centro do labirinto...*),

Agustín Fernández Paz é un dos nomes clave da literatura infantil e xuvenil galega, non só polo amplo número de obras publicadas, senón polo seu éxito cos lectores e pola cantidade das súas obras que foron traducidas a outras linguas. Trátase do autor en galego máis traducido con 115

traducións a 16 linguas diferentes. Tamén destaca pola cantidade de premios acadados, tanto de ámbito galego como internacional.

A súa novela *Cartas de inverno* acadou en 2016 a cifra de máis de 100 000 exemplares vendidos, fito que só acadou na ficción galega outra novela, *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas.

Ademais, realizou un longo labor editorial para Edicións Xerais, coordinando durante moitos anos a colección "Merlín" de literatura infantil e xuvenil.

Fina Casalderrey (*O misterio dos fillos de Lúa*)...

5. O ENSAIO

A partir dos anos oitenta produciuse unha efervescencia no cultivo do ensaio; posto que este xénero, que fomenta a reflexión, gozou a partir dese momento de maior liberdade para medrar. Así pois, a escrita ensaística deixou de ser cousa de estritas minorías e ampliou moito o seu abano temático.

A galeguización de moitos ámbitos universitarios e de investigación contribuíu á formación de especialistas que publican en galego as súas obras de todo tipo (historia, filosofía, ciencia, guías, libros de textos...). Como en todos os procesos de emerxer cultural, os ensaios máis abondosos son os que gardan relación cos sinais de identidade (historia, antropoloxía, lingua, cultura, identidade de xénero...) pero na actualidade xa existen reflexións ensaísticas en todos os campos, como demostran as obras premiadas en concursos específicos como o Premio Losada Diéguez.